

HISTORIA 4º ESO / SÍNTESE DA PROGRAMACIÓN

CONTIDOS

BLOQUES CURRICULARES	
1. Contidos comúns	Referidos a destrezas e procedementos propios da disciplina. Están presentes en todas as unidades .
2.- Bases históricas da sociedade actual	Afonda nas raíces da Hª do mundo Contemporáneo, abordando as diferentes revolucións e transformacións do mundo ata o inicio do século XX. (UD 1-7)
3.- O mundo actual	Analiza os piares do mundo actual. Comprende unidades temáticas de diferente complexidade. (UD 8-15)

NORMAS PARA O CADERNO

<ul style="list-style-type: none">- Será tipo caderno ou dossier e non se admitirán follas arrancadas de libreta.- As follas serán iguais en tamaño.- Deben deixarse os marxes precisos.- Portada na primeira folla que incluíra o nome da materia e nome e curso do alumno/a.- As follas deben estar paxinadas, o que se fará a medida que se precise (non antes). De ter que intercalar follas, estas levarán o número de páxina anterior e a palabra <i>bis</i>- Cada tema comezará en folla diferente e estará encabezada polo título do tema.- Os temas inclúen apartados diferenciados: exercicios, apuntamentos ou glosario.- No caso dos exercicios indicárase o título e o nº de páxina, debe deixarse un pequeno espazo libre para posibles correccións entre un exercicio e outro.- Non pode escribirse en vermello.- Non se permite empregar lapis ou <i>tippex</i>.- A lingua utilizada será a galega

AVALIACIÓN CUALIFICACIÓN

A materia será avaliada positivamente cando se teñan **aprobadas todas e cada unha das avaliacións**. A cualificación da avaliación obterase como segue:

- Probas orais ou escritas **70%** (non se aplicará con notas inferiores a 3)
- Actividades de aula e caderno de clase, actitude (interese, participación,...) **30%** (non presentar o caderno impide superar a avaliación)

A **ortografía** terase en conta en todos materiais escritos, os erros (especialmente graves como uso de maiúsculas ou confusión b/v) restarán puntuación, ata 0,5 puntos por actividade.

Especificacións:

- Se o suspenso de avaliación débese á non presentación do caderno, o alumno/a será considerado con avaliación positiva no momento no que a presente
- As probas con calificación inferior a 3, serán obxecto de **recuperación** no mesmo período de avaliación.
- A nota final será a **media ponderada**.
- **Se un alumno/a copia** durante un exame, **suspenderá** a avaliación. Se copia durante a proba de Setembro, suspenderá o curso.
- Na **convocatoria de setembro** a cualificación será a do exame, se ben poderán terse en conta circunstancias particulares. Teñen a obriga de presentar o caderno aqueles alumnos que non o fixeran durante o curso.
- **Faltas** de orde graves, impuntualidade, carencia reiterada do material preciso, poderán restar puntuación da nota da avaliación, ata un máximo de 1 punto, segundo as anotacións do profesor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS

CRITERIOS	CCBB
1. Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo da historia.	CMAT CIMF CCA CAA CCL
2. Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.	CCA CSC CAA TICD
3. Expoñer as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.	CCA CSC CCL
4. Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo occidental, e analizando as particularidades destes procesos en España e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.	CCA CSC CIMF CAA
5. Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto entre como dentro dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.	CCA CSC CIMF CCL TICD
6. Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeográficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX	CIMF CMAT CSC TICD
7. Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.	CCA CSC TICD CAA
8. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.	CCA CSC CIMF TICD
9. Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces, utilizando para iso diversas fontes de información, incluídas as que permitan obter interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.	CAA CAIP TICD CSC
10. Realizar en pequeno grupo unha investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente, utilizando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica, e procurar conectalos a contextos máis amplos, sendo capaz de expoñer e defender as súas conclusións.	CAA CAIP TICD CCA CCL CSC

Xefa de Departamento de CCSS, Xª e Hª

Marta Coria Blanco

Curso 2014-2015